



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Segundo o artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a prestación do consentimento informado:**

- A) É un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- B) É un dereito do paciente e a súa obtención un deber do persoal sanitario.
- C) É un dereito do paciente e a súa obtención un dereito do médico.
- D) É un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico que pode delegar en calquera membro do seu equipo.

**2. O artigo 9 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que os requisitos de participación nos procedementos de selección do persoal estatutario fixo deben cumprirse:**

- A) Na data en que finalice o prazo de presentación de instancias e manterse ata o intre de ser nomeado persoal estatutario fixo.
- B) Na data de publicación da convocatoria.
- C) Na data da toma de posesión.
- D) Na data que se estableza, unha vez superada a oposición.

**3. Segundo o artigo 9.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde, sinala a proposición CORRECTA respecto ao persoal interino:**

- A) O seu cese producirase cando se incorpore, á praza que desempeñe, o persoal fixo ou cando a praza que ocupe resulte amortizada.
- B) Cando transcorra un ano dende o nomeamento.
- C) Producirase en calquer intre por decisión da autoridade que o nomeara.
- D) Cando se incorpore o persoal fixo ou cando dita praza resulte amortizada e transcorrera un ano dende o seu nomeamento

**4. Segundo o artigo 7 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade os servizos sanitarios adecuarán a súa organización e funcionamento aos principios de:**

- A) eficiencia, celeridade, economía e flexibilidade
- B) eficacia, celeridade, economía e flexibilidade
- C) eficacia, celeridade, economía e transparencia
- D) eficacia, eficiencia, economía e flexibilidade

**5. Constitúe un principio rector do Sistema Público de Saúde de Galicia, de conformidade co artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia:**

- A) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- B) A universalidade do dereito aos servizos e prestacións de cobertura pública.
- C) A búsqueda da súa suficiencia financeira e de medios.
- D) Todas as respostas son correctas

**6. Segundo o artigo 33 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde, a selección do persoal estatutario temporal se efectuará a través de procedementos que permitan a máxima axilidade na selección e que se basearán nos principios de:**

- A) Igualdade, mérito, capacidade, competencia e publicidade.
- B) Igualdade, mérito e capacidade.
- C) Equidade, mérito e lealdade institucional.
- D) Igualdad, mérito e transparencia.

**7. Segundo o artigo 2.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as disposicións de carácter laboral contidas nesta Ley, e nas súas normas regulamentarias, terán en todo caso o carácter de:**

- A) Dereito necesario mínimo indisponible.
- B) Dereito mínimo
- C) Dereito indispoñible
- D) Ningunha resposta é correcta.

**8. En cal dos seguintes artigos da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, enumerados a continuación, recóllense as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma galega:**

- A) Artigo 27
- B) Artigo 29
- C) Artigo 28
- D) Artigo 33

**9. Os artigos 1 a 9 da Constitución Española de 1978 están comprendidos no seu:**

- A) Preámbulo
- B) Título Preliminar
- C) Título Primeiro
- D) Capítulo Primeiro

**10. A negociación colectiva, segundo o artigo 80. 3 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde, está presidida polos principios de:**

- A) Legalidade, cobertura orzamentaria e obrigatoriedade.
- B) Legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe e vontade negociadora.
- C) Boa fe e vontade negociadora.
- D) Legalidade, obrigatoriedade, boa fe, vontade negociadora e transparencia.

**1. Segundo o establecido no artigo 15 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica deberá ser única por paciente...**

- A) No ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
- B) No Servizo Galego de Saúde.
- C) En todo o Sistema Nacional de Saúde.
- D) Ao menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.

**2. Segundo o artigo 4.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais enténdese por risco laboral:**

- A) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- B) O conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.
- C) Aquel que, en ausencia de medidas preventivas específicas, orixina riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores que os desenvolven ou utilizan.
- D) Calquera máquina, instrumento ou instalación que se utiliza no traballo.